

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: **CEIP Xoán de Requeixo. Chantada.**

CURSO: **1º de Primaria**

MATERIA: **Inglés**

DEPARTAMENTO: **Lingua estranxeira**

DATA: **Maio-2020**

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias chave imprescindibles.

Os estándares de aprendizaxe que serán considerados esenciais, para continuar o proceso de ensino-aprendizaxe no terceiro trimestre do curso 2019/2020, para o primeiro curso de primaria son os relatados a continuación:

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

- 1.1- Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.
- 1.2- Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.

Bloque 2: Producción de textos orais.

- .2.1- Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.
- 2.2-. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

- 3.1.-. Comprende palabras cos temas traballados previamente de forma oral.

Bloque 4: Producción de textos escritos.

- 4.1-. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
- 4.2-. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural.

5.1- Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais

5.2-. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de cortesía (Please, thank you, excuse me)

5.3-.Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.

5.4-. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.

2. Avaliación e cualificación.

Para a avaliación final de curso, terase en conta a media acadada na primeira e na segunda avaliación. En canto á terceira avaliación, aquel alumnado que realice as tarefas encomendadas e teña un seguimento continuado de inglés, terá a posibilidade de acadar como máximo 1 punto, que será engadido á media obtida entre a primeira e a segunda avaliación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

- ✓ Identificación das principais cores.
- ✓ Identificación das principais formas xeométricas.
- ✓ Formulación de preguntas e respostas sobre o estado de ánimo.
- ✓ Formulación de preguntas e respostas en relación á cantidade.

Estruturas sintáctico-discursivas:

- ✓ Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita e estado (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, What's your favourite colour?, My favourite colour is/It's, I'm (hungry)).
- ✓ Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo atmosférico (What day is it today?, It's, What's the weather like today?,)
- ✓ Identificación e seguimento de instrucións (Touch your (legs)...).
- ✓ Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)).

- ✓ Expresión de cantidade: contar desde 1 a 20.
- ✓ Expresión das cores, das partes do corpo e cara, de elementos próximos (What's this?, It's...), membros da familia (Who's this ?, This is my (brother), alimentos (What's this?, This is).
- ✓ Preguntas e respostas sobre o estado de ánimo (Are you (hungry?, Yes, I am/No I'm not).
- ✓ Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.
- ✓ Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais (nome, apelido, idade, gustos).
- ✓ Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, o tempo atmosférico etc.
- ✓ Identificación e seguimento de instrucións.
- ✓ Expresión do que lle gusta e non lle gusta.

O alumnado terá acceso ós contidos de repaso a través da páxina web creada para esta especial circunstancia: <https://johnofrecheese.wixsite.com/misitio>.

4. Información e Publicidade.

A comunicación coas familias realizase a través do profesor – titor . quen está en contacto permanente coas mesmas. Informa principalmente das actualizacións de contidos realizadas na páxina web.

Así mesmo tanto a dirección Url de recursos didácticos como este documento estará publicado na web oficial do centro.